

## SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE SETEMBRO DE 2017

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 28 de setembro de 2017 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Luisa Meilán Lombao, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar e D<sup>a</sup> Juana Romero García e, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Dona Tania Díaz Seijas incorpórase no segundo punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE DATA DE 1 DE XUÑO DE 2017**

Iníciase o tratamento do punto da orde do día coa intervención do concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, quen afirma que no punto da orde do día relativo á aprobación do orzamento xeral, expresou que un dos motivos que esgrimiu para rexeitar a aprobación foi que non foi convocada a comisión especial de contas, e pola contra, na Memoria de Alcaldía do orzamento faise referencia expresa ao previo ditame da Comisión Especial de Contas. E esta non tivo lugar.

O Secretario afirma que, efectivamente, ese era o tenor literal da memoria que se elevou ao pleno e, polo tanto, é o que se ten que transcribir na acta da sesión, con independencia de que a comisión competente para o ditame do orzamento é a comisión de asuntos do pleno, e non a comisión especial de contas, que neste concello unicamente ten atribuída a competencia para o ditame da conta xeral.

O concelleiro do BNG afirma que, entón, existe un erro na memoria ao identificar a comisión especial de contas.

O Secretario afirma que, efectivamente, existe un erro, pero como o texto literal que se elevou ao pleno foi ese, así debe transcribirse na acta da sesión.

A voceira de FLI afirma que a comisión de asuntos do pleno non foi convocada de xeito formal, motivo polo cal a súa celebración está viciada.

O Secretario afirma que a comisión foi convocada debidamente, e que o réxime de convocatoria dos órganos colexiados das entidades locais non se rixe polo réxime ordinario de notificación dos actos administrativos, xa que iso faría inviable a celebración certa das sesións, xa que debería facerse dous intentos en días diferentes e diferentes fanxas horarias e, tras iso, publicarse no Tablón Edictal Único do BOE. Por ese motivo, a lexislación de réxime local permite a notificación conforme ao uso e costume na corporación.

A concelleira afirma que non foi convocada conforme ao uso desta corporación (por correo electrónico e máis presencialmente), e que iso non pode ser nun asunto coma é a aprobación do orzamento.

O Secretario afirma que lle foi convocada coma sempre e coa debida antelación, e que así figura acreditado no expediente.

O voceiro do BNG afirma que xa expresou en diversas ocasións que lle parece perfectamente válida a notificación por correo electrónico, se ben roga que se faga coa debida antelación.

A concelleira de FLI quere retomar a palabra, tralo cal o Alcalde lle roga que sexa breve xa que no tratamento de este punto da orde do día xa levamos máis de dez minutos.

A voceira de FLI afirma que estamos a voltar con prohibicións ao debate, e roga que conste na acta que non lle deixan debatir o punto relativa ao acta da última sesión.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da acta da sesión celebrada o día 1 de xuño de 2017.

Realizado o debate, a acta resulta aprobada con nove votos a favor, unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE e máis dous votos en contra, pertencentes as concelleiras de FLI.

## **2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL FLI CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 3384**

Iníciase o debate mediante a defensa da moción pola voceira do grupo FLI, e do seguinte teor literal:

“Moción que presenta el grupo municipal Foro Lugo Independiente de Outeiro de Rei para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del ayuntamiento, para la señalización de limitaciones velocidad zonas urbanas de la vía pública que parte en la rua "e" de la parroquia de outeiro de rei y finaliza en el barrio de a trabanca de la parroquia de cela al igual que la vía que parte de la iglesia de cela hasta su conexión con la lup-1107 en su punto kilometrico 8,600. todo ello al amparo de lo establecido por la ley 7/1985, de 02 abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, artículo 97.3.

DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA portavoz y viceportavoz de (FLI) en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente MOCIÓN.

### **EXPOSICIÓN MOTIVOS:**

En la vía pública que se inicia en la Rúa E de Outeiro de Rei y finaliza en a Trabanca, en la parroquia de Cela, cuya titularidad corresponde a este Concello, la cual transcurre en sentido ascendente, por los barrios de Ximarei, Felpás, Sinoga

y Pedragoso, pertenecientes a la Parroquia de Santa Mariña, al igual que los barrios de Banal de Abaixo, Mendonin, Portover, Hortas, Quintián y Trabanca, de la parroquia de Cela, todos ellos núcleos de población, y lugares habituales por donde transitan personas de distintas edades, no existe ningún tipo de señalización de limitación de velocidad, al igual que la falta de Stop en muchas de las pistas y caminos que acceden a la misma, a lo largo de su trayecto, añadiendo la falta de arcones y limpieza de la maleza que invade las cunetas y gran parte de los arcones durante la época primaveral y parte del verano, como el caso de las que nos ocupa, cuyos márgenes fueron desbrozados bien entrado el mes de agosto, todo ello hace que dicha vía suponga un grave riesgo para los usuarios, máxime teniendo en cuenta la velocidad a la que circulen muchos de los vehículos que por ella se desplazan. Por otra parte se le de igual tratamiento a la vía que bifurca de la referenciada y que transcurre por detrás de la iglesia de Cela, recorriendo los barrios de Ber, Retorta y Fompredriña, hasta su conexión con el km. 8,600 de la LUP-1107 pertenecientes a dicha parroquia, la cual carece de cualquier tipo de señalización.

La competencia municipal en materia de vías públicas alcanza tanto a las urbanas como a las rurales y es de obligación de las Entidades Locales mantenerlas en buen estado de conservación y señalización, cualquier daño producido por la falta de estos requisitos, estaríamos ante el tema del principio general y amplísimo de la responsabilidad objetiva de Administración reconocido en el artículo 54 de la Ley 7/1.995 de 02 de Abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, según la cual las Entidades Locales responderán de los daños como consecuencia del funcionamiento de los servicios, en los términos establecidos en la legislación general sobre responsabilidad administrativa, así se desarrolla en el artículo 139.1 de la Ley 30/1.992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas, en materia de responsabilidad patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1.993 de 26 de Marzo. Desde la perspectiva civil, es clara la aplicación del régimen del artículo 1.902 del Código Civil, si se dan los requisitos de existencia de daño, omisión de la necesaria diligencia y enlace preciso entre omisión y perjuicio.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Outeiro de Rei el debate y aprobación de la siguiente **MOCIÓN**:

Que se proceda a la correcta instalación de las señales preceptivas, y en especial a las de limitación de velocidad de 40 km. en todos aquellos núcleos de población señalados en la exposición de referencia, a la vez y posteriores años, se inicien las labores de limpieza de ambos márgenes, durante los meses primaverales, y tantas veces como sea necesario para el mantenimiento óptimo de las mismas”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen afirma que é certo o que se afirma na moción e agradece a sensibilidade coa parroquia de Cela, xa que ten que sufrir de acote esta situación. De feito, o seu grupo xa presentou varias iniciativas ao respecto, podendo citar agora unha no ano 2015 para a sinalización do triángulo que forman as pistas en Cela, outra para sinalizar o camiño de As Caldas, outra para amañar a pista que vai dende o polígono industrial a Santa Mariña; outra para instar ao Ministerio a amañar a antiga N-VI dende a nova N-VI pola ponte vella; outra para que encederan as luces do alumeadado público xa que os pequenos tiñan que ir ao cole e todavía non había luz davondo. Todas estas propostas e

algunha outra foron presentadas sen acadar o apoio do sr. Alcalde, se ben logo da súa presentación, dun xeito ou outro, foron solucionándose.

Alégrase da sorte que tivo a voceira de FLI de que lle trataran as mocións como tales, xa que as presentadas polo seu grupo foron tratadas como rogos, e pregúntase se non sería por estar redactadas en castelán.

Tamén asegura que na moción aínda fallan algunhas sinais necesarias, coma no caso da estrada a Matela ou en Robra, entre outras, ou o caso de que algunhas sinais non son visibles gran parte do ano debido á maleza que invaden as beiras das estradas.

Pero non soamente coa sinalización basta, xa que hai outros factores, coma a concienciación cidadá ou o relativo ao estado do firme, que espere que se mellore sustancialmente co importante incremento de financiación da Deputación ao Concello para estos fins.

A concelleira do PSdG-PSOE apoia o expresado polo BNG e máis FLI, e propón que se faga un estudio sobor o estado das pistas do concello.

O Alcalde afirma que non se pode apoiar esta moción, xa que FLI céntrase nunha parroquia, o voceiro do BNG cita outro par de pistas, pero realmente existen centos de estradas municipais e que non se poderían sinalizar todas fácilmente. E se ben é certo que a Deputación incrementou o financiamento aos concellos este ano, aínda está lonxe de acadar os oito anos de ausencia total de financiamento provincial, e que acadan os dous millóns e medio de euros.

Durante oito anos, algúns concellos asinaban convenios grandiosos, namentres outros concellos percibían contías ridículas, como Outeiro de Rei, que percibiu 25.000 euros ao ano.

Seguramente que con os dous millóns e medio de euros dos que se privou aos veciños de Outeiro, poderíanse sinalizar casi todas as estradas municipais.

E o outro é demagogia, xa que está claro que ao equipo de Goberno non lle pode parecer mal que estén sinalizadas todas as estradas, ou que se desbrocen mensualmente todas as pistas, e que as estadas tivesen sete metros de anchura en vez de catro e que todas tivesen carril bici. Agora ben, iso non é realista xa que non se pode pagar e, polo tanto, pedir cousas que non se poden facer é pura propaganda.

O estado xeral de conservación das estradas municipais é razoablemente bon e pode resistir a comparación con calquer concello de características semellantes e con calquer concello gobernado polo BNG ou o PSdG.

Expresa que espera que a Deputación sega a facer o que a lei lle esixe que faga; apoiar financeiramente aos concellos con criterios obxectivos, e non coma fixo os oito anos de goberno de Besteiro e máis do BNG.

E como o PP non está disposto a aprobar moción que prometen cosas imposibles, e coma non está disposto a sinalizar as pista de unha parroquia e deixar as 26 restantes, non apoiará esta moción.

A voceira de FLI afirma que se está moción está agora no Pleno é porque é unha demanda veciñal. E considera que debe priorizarse o gasto, xa que se van a gastar máis de douscentos mil euros nunha pista de karts, que é unha obra farónica, e non hai cartos para aspectos de seguridade vial coma a sinalización das estradas.

Neste intre incorpórase a concelleira dona Tania Díaz Seijas.

O voceiro do BNG considera que é certo que hai centos de estradas, pero o que se debe facer é priorizar en función do risco para a circulación.

Tamén asegura que cando o PP gobernou poido facer o Plan Único e non o fixo, e cando o PP pactou os orzamentos co PSOE na Deputación alí non había nada parecido ao Plan Único, senón unha entente de intereses partidistas.

Asemade, a propia Xunta de Galicia gobernada polo PP non reparte os fondos con criterios obxectivos, senón dun xeito totalmente sectario e arbitrario, penalizando aos concellos que non goberna.

Por outra banda, a sinalización dun Stop non é unha opción, é un deber xa que o que está en xogo é a seguridade das persoas. E iso non son cartos. O que hai que facer é priorizar no gasto. Así, para o Alcalde a prioridade é facer unha pista de karts, e para o BNG sinalizar as interseccións perigosas ou con escasa visibilidade.

Por outra banda, destaca que é o único concello no que, fora das vías urbanas, non hai un metro de aglomerado nas pistas municipais, cando todo o mundo sabe que o aglomerado, a medio prazo, aforra custes, xa que o mantemento é máis barato.

Espera que con esta cambio de modelo de financiamento que promoveu o BNG, se mellore neste eido.

O Alcalde asegura que o concello está a prestar os diversos servizos públicos, tanto no eido de servizos sociais, actividades culturais e deportivas, viais públicos, etc., a satisfacción dos veciños e cun bo nivel de calidade.

E o que nunca farán será enganar a xente. Este goberno é absolutamente previsible e fará o que se poida facer e tendo en conta aos veciños e ponderando a totalidade das necesidades existentes, xa que ter en óptimas condicións todas as estradas está moi ben, pero ter unha instalación deportiva ou uns bos servizos sociais tamén o está, por poñer un exemplo.

Recorda ao voceiro do BNG que o Plan Único non saíu adiante gracias ao BNG, que únicamente dispón de dous deputados de vintecinco.

No que atinxe ao aglomerado, afirma que o aglomerado esixe de unha anchura mínima de seis metros, motivo polo cal non se poden xeneralizar xa que a meirande parte das estradas municipais non acadan esta anchura.

E recorda que este concello é un dos poucos que medran da provincia, e iso será por algo, coma a calidade dos servizos, e non por casualidade, polo que seguiremos a traballar nesta línea.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco votos a favor.

### **3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL FLI CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 3385**

Iníciase o tratamento do punto da orde do día coa defensa, pola concelleira dona Juana Romero, da moción do seguinte teor literal:

“Moción que presenta el grupo municipal Foro Lugo independente de Outeiro de Rei para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del ayuntamiento, ensanche tramo (Rego do Pedragoso) sito km. 3,400 sentido ascendente via pública que parte en la rua "e" de la parroquia de Outeiro de Rei y finaliza en el barrio de a Trabanca. todo ello al amparo de lo establecido por la ley 7/1985, de 02 abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, artículo 97.3.-

DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA portavoz y viceportavoz de (FLI) en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente MOCIÓN.

#### **EXPOSICIÓN MOTIVOS:**

En la via pública que se inicia en la Rúa E de Outeiro de Rei y finaliza en a Trabanca, en la parroquia de Cela, cuya titularidad corresponde a este Concello, a la altura del km. 3,400 sentido ascendente y por debajo de la misma atraviesa un pequeño regato conocido por la mayoría de las personas afincadas en esta zona como "Rego do Pedrogoso", al igual que todas ellas son conocedoras de algún accidente ocurrido en dicho punto, así como de la principal causa motivadora de tales siniestros, a excepción, parece ser, de este gobierno municipal que no se entera, o lo que es peor, le preocupa poco los riesgos personales a los que pueden estar expuestos los que por ese punto circulan, aumentando el peligro para los más asiduos, que son los vecinos de Cela. Desde esta exposición damos como enterada a esa Administración, lo que no sabemos es si va a mostrar la preocupación que entrañan los riesgos que supone un tramo curvo en cuesta, sentido ascendente y un tramo curvo en cuesta después de una recta sentido descendente, con efecto embudo.

Los Concellos deben ejercitar en todo caso las competencias en relación con la seguridad en lugares públicos que implica la ordenación, vigilancia y disciplina de las vías públicas, artículo 25 de la Ley 7/1.995, siendo lo normal que las Administraciones Locales actúen en defensa de sus bienes y derechos mediante el ejercicio pertinente de acciones, pero puede ser que por su ignorancia, negligencia o cualquier otra causa tenga descuidado el cumplimiento de sus deberes.

Igualmente el artículo 106.2 de la Constitución Española, atribuye a los particulares en los términos establecidos por la Ley, el derecho a ser indemnizados por toda lesión que sufren en cualquiera de sus bienes y derechos, salvo en los casos de fuerza mayor, siempre que las lesiones sea consecuencia del funcionamiento de los servicios públicos.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Outeiro de Reí el debate y aprobación de la siguiente MOCIÓN:

Que se proceda al ensanche del tramo referenciado, que se señale la curva en ambos sentidos y que se limite la velocidad a 20 km, todo ello en evitación de posibles daños a la integridad de los usuarios y en menor medida, a las posibles indemnizaciones que la Administración de Justicia podía imponer a ese Concello ante cualquier procedimiento judicial abierto con motivo de un accidente en ese punto”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do BNG, quen se ratifica no expresado no punto anterior, xa que a cuestión de fondo é análoga.

A voceira de PSdG-PSOE ratifícase igualmente na súa postura anterior.

O Alcalde informa que nesa zona do regato do Pedragoso colocouse unha bionda fai un par de anos para reforzar a seguridade, e que nese punto hai un mínimo de 560 cms de ancho e a capa de rodadura no punto máis estreito ten 415 cms.

Esa estrada ten puntos de tres metros de ancho, outros de 4,15... etc., e sen ben hai unha curva non é moi pronunciada, e é certo que podería colocarse unha sinal de limitación a 50 o 60 kms/h.

Tamén é certo que moitas estradas provinciais que conectan varios concellos teñen 4 metros e non están en aglomerado e están cheas de fochancas, a pesar de que levan gobernando máis de oito anos.

Claro que se poderían ter estradas de sete metros pintadas e con arcéns, pero non o podemos ter en moitos anos. Agora ben, esta estrada está protexida cunha biomda, pero non é especialmente perigosa. Sí que se pode estudar a colocación dunha sinal de limitación de velocidade.

Non obstante, recorda que non é a estrada a que se ten que adecuar á velocidade a que queiramos ir, senón que é o conductor o que se ten que adecuar as características da estrada pola que circulan, e haxa ou non sinais, deberán respectar todas as regras de circulación, coma as relativas a velocidade e preferencias, entre outras.

Por este motivo, as estradas en aglomerado esixen dunha anchura mínima de 5 ou 6 metros, xa que dan unha sensación de seguridade que invita á velocidade e potencia o perigo, en contraste coas estradas en gravilla, que tenden a conter moito máis a velocidade de circulación, o que é especialmente importante en estradas municipais sen arcéns e con numerosas interseccións.

A concelleira de FLI aclara que non se refire a un punto anterior ou posterior, e que tampouco alega nada sobor o estado do firme, que é aceptable, senón sobor a

necesidade de sinalización da ponte, xa que actualmente é perigoso, e é unha demanda dos veciños e veciñas que aquí se expón.

O voceiro do BNG afirma que o que produce a sensación de embudo é a maleza que invade o vial, polo que sería moi necesario que se limpe.

O Alcalde recorda que hai máis de 5 metros entre a bionda, polo que nese punto hai unha anchura suficiente. É certo que cando hai maleza prodúcese unha sensación de embudo, pero se limpa periódicamente tódolos anos.

Asegura que ningún pode afirmar que solicitou a apertura ou arranxo dun vial necesario e que non se fixera, e conclúe que se estudará a colocación dunha sinal de limitación de velocidade.

E a xestión do equipo de goberno non debe ser mala, cando este concello crece e o fai en toda a súa extensión, non soamente en puntos concretos.

A concelleira afirma que non é certo que nunca negara a limpeza de un camiño, xa que a ela sí llo negou.

O Alcalde resposta que non afirmou nada sobor a limpeza, senón sobor o amaño dun camiño, cando se dispón dos pasos e é necesario. E no caso concreto ao que se refire a concelleira do PSOE trátase dun camiño de carro, e os recursos públicos adicados á limpeza dos camiños municipais deben adicarse prioritariamente as vías asfaltadas.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de BNG, FLI e PSdG-PSOE, e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

#### **4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG con número de rexistro 3388**

A continuación, o concelleiro don Xabier Molinos Campos inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, Concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte moción :

“CONSTRUCCIÓN, DA PARTE CORRESPONDENTE, DUNHA SENDA VERDE QUE UNA AS URBANIZACIÓNS DE S. MARTIÑO DE GUILLAR COA PARADA DO BUS URBANO DE RAMIL (LUGO)

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A parroquia de S. Martiño de Guillar foi a que máis medrou das 27 que ten o concello de Outeiro de Rei nos últimos quince anos, non só en número de casas, senón tamén en número de habitantes e polo tanto de tráfico nas súas vías de acceso.



Son menos de dous quilómetros os que separan as urbanizacións existentes en Guillar da parada do bus urbano de Ramil que é utilizada por moit@s veciñ@s para achegarse á capital lucense e cunha orografía propicia para acondicionar unha senda paralela á estrada para que os peóns e ciclistas poidan desprazarse con seguridade durante este tramo.

A actual infraestrutura é estreita e os peóns teñen que circular pala calzada, coa construción de dita senda o tránsito de peóns e ciclistas quedaría perfectamente separado do de vehículos a motor. Ademais de protexer ao peón, estaríamos promovendo modos de desprazamento non contaminantes e alternativos ao vehículo particular.

Coa realización de dita obra solucionarase unha demanda que os veciñ@s da zona veñen solicitando desde hai tempo. Desde o BNG consideramos que a Alcaldía debe realizar as xestións pertinentes para que dita obra se leve a cabo. Un Goberno Municipal debe caracterizarse por ser unha ferramenta ao servizo da cidadanía, por procurar o benestar para tod@s, e de aí que SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte ACORDO:

1- Propoñer a construción dunha senda verde entre as urbanizacións de S. Martiño de Guillar e a parada de bus de Ramil co obxectivo de mellorar a seguridade nunha zona moi transitada, xa que este tramo de pouco máis de 1'8 Km é moi utilizado polos peóns e polos ciclistas.

2- Como este traxecto discorre por estradas pertencentes a distintas administracións, que o Concello de Outeiro de Rei se dirixa ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial para que cada unha delas no seu ámbito, constrúa esta senda coas mesmas características”.

Rematada a defensa, a concelleira de FLI, dona Juana Romero afirma estar de acordo co contido da moción, e anuncia o apoio do seu grupo á mesma.

A concelleira do PSdG-PSOE anuncia igualmente o seu apoio.

O Alcalde informa que se está a formular un plan de mobilidade, e anuncia que lle parece ben a senda á que se fai referencia, se ben non debe limitarse a conectar ambas urbanizacións, senón que necesita prolongase até o termo de Lugo e necesita prolongarse para conectar coa zoa urbana de Guillar e así se recollerá no plan de mobilidade do concello, se ben advirte que para a súa execución deben acadarse recursos financeiros.

Asemade, afirma que o concello de Outeiro de Rei comprométese a levar a senda peonil até o límite con Lugo nun prazo razoable e a diseñar a senda no plan de mobilidade nun prazo moi curto. O resto do tramo dependerá de outras administracións.

Esta actuación xa estaba en curso de planificación polo equipo de goberno, e actualmente se está a estudar a solución final, que poderá ser unha senda ou unha beirarrúa segundo aconsellen os técnicos, e permitirá a interconexión de todas as urbanizacións e de estas coa N-VI, para facilitar o acceso a servizos coma do autobús.

E polo xeito de cómo se presentou a moción, e porque non abrangue todas as actuacións necesarias, senon que se limita a conexión entre urbanizacións, non se pode apoiar a moción.

O concelleiro do BNG don Xabier Molinos afirma que o BNG vai por diante nesta iniciativa, xa que esta proposta se presentou asemade perante a Deputación e se presente agora aquí xa que se trata dun eido no que os debates e propostas son públicas para os veciños e, de feito, o plan de mobilidade non está feito, senón que o mesmo Alcalde afirma que está en elaboración, polo que esta proposta tamén permitirá que se recolla no plan de mobilidade e convida ao Alcalde que se mova para poñer ás restantes administración implicadas de acordó (Concello e Deputación de Lugo), xa que esa é a súa obriga coma Alcalde do Concello.

Non entende a postura do Alcalde, xa que se a proposta que se trae ao Pleno a recoñece coma necesaria non se entende porqué no vota a favor dela, con independencia de que teña outras propostas a maiores que serán benvidas por este grupo municipal, xa que aquí non estamos a facer sectarismo, senón a acadar solucións para os problemas dos veciños e veciñas de Outeiro de Rei.

O Alcalde asegura que a proposta do BNG ten unha serie de carencias que non son lóxicas, motivo polo cal no poden apoialas. Este goberno fará o que considere mellor para os veciños, e insiste que se compromete a facer a senda probablemente no ano que ven e instará as restantes administracións para que a continúen no seu eido.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de BNG, FLI e PSdG-PSOE e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG con número de rexistro 3389**

A continuación, o voceiro do BNG inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**PROPOSICION PARA INSTAR AO ALCALDE A QUE VOLVA A INTEGRAR AO CONCELLO DE OUTEIRO NO SERVIZO DE RECADACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo oferta o seu servizo a todos os concellos da provincia, cobrándolles por ese servizo o 1% do recadado. Este é

un servizo que aínda tendo os seus defectos, funciona razoablemente ben e dende logo bastante mellor que o que oferta calquera empresa privada.

O concello de Outeiro de Rei estivo acollido a este servizo durante moitos anos, decidindo o seu Alcalde deixar de estar acollido a el por motivos descoñecidos e sen traer a pleno e sen debate de ningún tipo.

Ademais diso, adxudicoulle este servizo a unha empresa privada, a cal triplicou tan só de entrada o custe do servizo de recadación, pois tenlle un custe directo ao concello do 3% do total do imposto recadado.

A este custe, temos que engadirlle a cantidade de varias decenas de miles de euros que foron parar tamén á conta de beneficios da empresa privada polo transvase dos datos informáticos.

Pero os custes desta decisión do Alcalde aínda non pararon aí, pois como puidemos ver todas as persoas que vivimos en Outeiro, o concello tamén tivo que destinar funcionarios a atender e informar á cidadanía sobre as cuestións referidas aos impostos dado que unha empresa privada non pode acometer ese tipo de funcións polo tipo de datos privados que se manexa, traballo que antes se facía dende o Servizo de Recadación da Deputación incluído no 1% que cobraba.

Segundo os datos da Conta Xeral do ano 2016, soamente por impostos directos o concello de Outeiro recadou unha cantidade de 1.809.029,27 €. Tendo en conta só o pago directo á empresa privada así como o custe do transvase informático xa se superan amplamente os 65.000 €, cantidade a que hai que engadirlle o custe dos funcionarios e traballadoras ás que se tivo que pagar para a atención da cidadanía, que representan outras decenas de miles de euros.

Ademais desta cantidade inxente que tiveron que pagar as veciñas e veciños de Outeiro, hai que ter en conta outro dous factores. Por unha banda que tanto o servizo como a información á cidadanía foi moito máis deficiente do que era anteriormente e, por outra, que este suntuoso gasto se fai nun entorno de subida da recadación de imposto en Outeiro de Rei dun 41,57%. Visto todo isto, parece como se a subida de impostas feita no ano 2016 fora usada para pasar os cartos dos petos da xente de Outeiro aos petos dos danos desta empresa privada.

En definitiva, para o Grupo Municipal do BNG en Outeiro de Rei é tal o despropósito desta decisión e son tan perversos os seus efectos para as arcas municipais, e polo tanto para a veciñanza de Outeiro de Rei, que cremos que esta decisión pode ter incluso dúbidas de legalidade. Nese aspecto cremos que temas a obriga, cando menos política, de esixir unha investigación para cuantificar os danos provocados sobre o concello así como dos motivos que levaron a esta actuación, ademais de solicitar lóxicamente unha volta ao sistema anterior coa maior urxencia posible.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno desta proposta, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o Pleno do Concello de Outeiro de Rei solicite ao Servizo de Recadación deste concello que elabore un estudo para determinar os custes exactos que tivo para as arcas municipais a decisión de cambiar o Servizo de Recadación da Deputación polos servizos dunha empresa privada, estudo do que se dará conta a este Pleno.

2. Que o Pleno de Outeiro de Rei inste ao goberno municipal a iniciar os trámites oportunos para volver a contar co Servizo de Recadación da Deputación de Lugo para os trámites, información e cobro dos impostos municipais do concello de Outeiro de Rei”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira de FLI, quen mafiesta estar plenamente de acordo coa moción, e recorda que con ocasión da aprobación da conta xeral de 2016 o seu grupo xa denunciou este xeito de actuar totalmente sectario, baseado en favorecer a uns poucos en contra dos intereses dos veciños e veciñas de Outeiro de Rei.

Lamenta que ao Alcalde non lle interese escoitar as propostas dos restantes grupos municipais e se negue ao diálogo ou a aceptar propostas alleas por razoables que sexan, manifestando que o que quere é o poder absoluto.

O Alcalde fai a política de “si pero non”, rexeita o moción para a colocación das sinais pero afirma que as vai poñer, rexeita a moción da senda peonil pero afirma que a vai facer.

A voceira do PSOE afirma que a xestión recadatoria levada a cabo polo equipo de goberno perxudica a tódolos veciños de Outeiro de Rei, xa que o premio de cobranza da Deputación dende o ano 2008 é do 1%, a diferenza do convenio anterior ao que estaba adherido o Concello que era do 3%. É dicir, conleva un aforro de 36.000 euros con respecto ao convenio anterior e con respecto ao prezo actual da empresa privada contratada polo concello.

E pregúntalle ao Alcalde se é que desconfía dos funcionarios da Deputación, e porqué é o único dos Alcaldes do seu partido que se descolgou da recadación provincial. Tamén pregunta se a empresa contratada cotiza en Outeiro de Rei e qué vantaxe ten para os veciños esta modalidade de xestión.

O Alcalde resposta que non foi o Concello de Outeiro de Rei quen denunciou o convenio, senón que foi a Deputación quen deu de baixa unilateralmente ao concello. É certo que podería asinar un novo convenio, pero elo esixe que se adhira a unha serie de condicións inamovibles que impón a Deputación e que dificultan a xestión cotía dos veciños de Outeiro de Rei no que atinxe ao cumprimento das obrigas tributarias.

Tamén é certo que hai concellos do propio partido socialista que non están adheridos ao convenio coa Deputación, comenzando polo concello de Lugo.

Desmente categóricamente que os veciños tivesen un servizo peor coa empresa. Ao contrario, a xestión foi moito máis áxil, accesible e personalizada.

No que atinxe ao gasto na migración dos datos tributarios, débese ao feito de que a Deputación negouse a devolver ao Concello os seus propios datos tributarios, o que é totalmente incomprendible.

En relación á eficacia da Deputación na xestión recadatoria, no que atinxe a este concello foi pésima. O Concello de Outeiro de Rei perdeu moitos cartos debido á xestión recadatoria provincial en vía de constreñimento, e afirma isto sendo perfectamente coñecedor de que en vía de constreñimento nunca se acada cobrar todo o debido, pero aínda así a xestión provincial da recadación executiva dos tributos deste concello foi pésima.

E con isto non se está a poñer en tela de xuízo a labor dos funcionarios, debido a que a raíz do problema está na xestión política do servizo.

Por poñer un exemplo, nos últimos anos, o importe que recadaba a Deputación dos tributos do Concello o traspasaba no mes de febreiro do ano posterior, beneficiándose a Deputación da tesourería acadada cos tributos municipais a costa da estabilidade orzamentaria e resultado orzamentario do concello, o que é absolutamente intolerable.

Explica que outro dos motivos que aconsellaron non asinar o novo convenio coa Deputación, é que a Deputación esixe que se lle delegue a xestión recadatoria en período voluntario do IVTM, delegación á que se nega o concello debido ao indubable perxuízo que se ocasionaría aos veciños ao ter que desprazarse a Lugo para facer calquer xestión vencellada ao imposto.

Por último, informa que, a raíz do procedemento de licitación do servizo de recadación que se está a tramitar, a oferta adxudicataria iguala economicamente ao que cobra a Deputación de Lugo.

O voceiro do BNG asegura que a razón última non radica na xestión política do servizo de recadación, xa que a migración de datos prodúxose estando Elena Candia de Presidenta da Deputación e, por outra banda, a enorme maioría dos concellos gobernados polo PP están adheridos ao convenio. Polo tanto, tan malo non debe ser.

No que se refire ao grao de satisfacción dos veciños, os veciños que falan con ese voceiro non estaban satisfeitos no máis mínimo e non encontraron un servizo mellor que o ofrecido na rúa Tui.

Polo tanto, non existe xustificación válida para o enorme incremento de custes que implica esta modalidade de xestión recadatoria, e que poderían adicarse a outros servizos moi importantes coma a sinalización viaria, entre outros.

O Alcalde recórdalle os argumentos que xa expuso na súa intervención anterior e que son máis que válidos para xustificar o cambio de xestió recadatoria:

- 1.- A ineficacia probada na xestión provincial na recadación executiva.
- 2.- A lonxanía para os veciños, que tiñan que desprarse a Lugo para facer calquer xestión vencellada aos tributos municipais, o que foi especialmente importante nestes anos de atrás coas actuacións de regularización tributaria do IBI, e das que

resultou unha modificación enorme das bases impositivas e un gran número de liquidacións por atrasos que xeneraron unha enorme demanda vecinal de información tributaria que, gracias a este contrato, fomos quen de atendela satisfactoriamente neste concello e que baixo ningún concepto se atendería na Deputación.

3.- E ingreso extemporáneo dos cartos derivados da recadación, que se efectuaba sistematicamente no ano natural seguinte, desestabilizando gravísimamente a estabilidade orzamentaria municipal. E pode asegurarlle que esta decisión de reter o importe da recadación non era unha decisión de funcionarios.

Polo tanto, esta solución é a máis racional nas circunstancias existentes, o que non implica que nun futuro poidan voltar á recadación provincial se ésta mellora e si se permite aos concellos decidir qué tributos inclúen no convenio, xa que as condicións actuais de imposición son contrarias á autonomía municipal.

Por último, este goberno confía no bon facer do sector privado deste país, o que é unha opción lexítima coma calquer outra, e a elección da empresa nin se fixo, nin se pode facer privilexiando ás coñecidas ou ás do lugar, senón que tense que respectar escrupulosamente o principio de igualdade, polo tanto, sorpréndese que agora lle critiquen por adxudicar o contrato a unha empresa que non é do concello, cando dacote critican que se dan os contratos aos coñecidos.

Volta a informar que no novo contrato, o prezo é practicamente igual ao que cobra a Deputación de Lugo, coa diferenza de que o servizo de atención ao veciño se presta no propio concello e se presta un servizo de recadación executiva eficaz.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de BNG, FLI e PSdG-PSOE e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **6.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA**

Dase conta dos decretos de Alcaldía comprendidos entre as datas 22 de xuño de 2016 e 11 de xullo de 2017, e cuxa copia púxose a disposición dos concelleiros.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as quince horas e dez minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde